

## Índice

### **REGULAMENTO PARA A XESTIÓN E USO DOS CENTROS CIVICO SOCIAIS MUNICIPAIS**

<b>CAPÍTULO I. <u>DISPOSICIÓN XERAIS. Obxecto e ámbito de aplicación.</u></b>	<b>3</b>
Artigo 1. Obxecto	3
Artigo 2. Definición de centro cívico social	3
Artigo 3. Obxectivo xeral dos centros cívico sociais	3
Artigo 4. Obxectivos específicos dos centros cívico sociais	3
Artigo 5 . Ámbito de aplicación	4
<b>CAPITULO II. COMPOSICIÓN E FUNCIONAMENTO</b>	<b>4</b>
Artigo 6. Regulación	4
Artigo 7 . Órganos de xestión	4
Artigo 8 . Composición do Consello Reitor	5
Artigo 9. Funcións do Consello Reitor	6
Artigo 10. O Presidente, o Vicepresidente, e o Secretario	6
Artigo 11. Funcións do Presidente	7
Artigo 12. Funcións do/a Vicepresidente/a	7
Artigo 13. Funcións do/a secretario/a do Consello	7
Artigo 14. Funcionamento: Aspectos xerais	8
<b>CAPITULO III. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E CESIÓN DE USO.</b>	<b>9</b>
Artigo 15. Normas de réxime interno	9
Artigo 16. Reserva de instalacións para servizos públicos	9
Artigo 17. Horario.	9
Artigo 18. Solicitude de uso dos Centros Cívico Sociais	10
Artigo 19. Convenios de cesión	10
Artigo 20. Acceso ás actividades	10
Artigo 21. Conservación de instalacións	11

<b>CAPITULO IV. RÉXIME ECONÓMICO.</b>	11
Artigo 22. Aspectos xerais do réxime económico	11
<b>CAPITULO V. PERSOAS USUARIAS</b>	12
Artigo 23. Definición	12
Artigo 24. Dereitos das persoas usuarias	12
Artigo 25. Obrigas das persoas usuarias	13
Artigo 26. Obrigas do concello	13
<b>CAPITULO V. POTESTADES DO CONCELLO E REXIME SANCIONADOR</b>	13
Artigo 27. Normativa aplicable	13
Artigo 28. Outras potestades	13
Artigo 29. Proceso de participación cidadá na elaboración do Regulamento	14
Artigo 30. Plan de Autoprotección	14
<b>Disposición adicional</b>	15
<b>Disposición derogatoria</b>	15
<b>Disposición final.</b>	15

Asunto: **REGULAMENTO PARA A XESTIÓN E USO DOS CENTROS CÍVICO SOCIAIS MUNICIPAIS**

**CAPÍTULO I. DISPOSICIÓNS XERAIS. Obxecto e ámbito de aplicación.**

**Artigo 1. Obxecto.** O obxecto do presente regulamento é a definición e regulación do funcionamento e xestión dos centros cívicos municipais.

**Artigo 2. Definición do Centro Cívico social**

1. Ós efectos deste regulamento, considérase centro cívico social á infraestrutura e equipamento comunitario de titularidade municipal destinado a prestación de servizos ás persoas e fomentar o encontro, a comunicación, a información e participación da veciñanza así como a promove-lo asociacionismo, que poden ser cedidas en precarios ás entidades asociativas municipais legalmente establecidas.
2. Trátase dun edificio público e zonas de dominio público vinculadas ao mesmo que implica unha utilización plural para tódalas persoas sen distinción algunha por razón de raza, relixión, sexo, etnia, cultura, opinión ou calquera outra condición ou circunstancia persoal.
3. Os Centros cívico-sociais de propiedade municipal manterán en todo momento a condición de bens de dominio público, estando sometidos ó réxime establecido na Lexislación sobre Réxime Local. O Concello de Narón poderá cede-lo uso dos mesmos ás Entidades ou Asociacións sen ánimo de lucro de representación colectiva, constituídas ou que se poidan constituír no Concello, inscritos no Rexistro Municipal de Asociacións.
4. No suposto de existir varias entidades asociativas interesadas na cesión dun local social, se establece como prioritaria á asociación de veciños con ámbito parroquial ou de barrio onde se ubique o centro social, con independencia da participación na xestión e uso por parte das demais asociacións culturais; sociais ou deportivas de ámbito específico que desenvolvan a súa actividade na parroquia ou barrio onde se ubique o centro social, cando o uso simultáneo fose compatible.

En calquera caso, a cesión do uso do centro social deberá ir precedida dun convenio regulador entre o Concello de Narón e a Asociación interesada, que recollerá as condicións particulares da cesión.

**Artigo 3. Obxecto xeral dos Centros Cívico Sociais.** O obxectivo xeral dos centros cívicos sociais municipais será servir coma espazos para a materialización de programas e servizos de carácter municipal, así como os das asociacións e colectivos de maneira harmonizada, ordenada e/ou coordinada tal como se describe no articulado deste regulamento.

**Artigo 4. Obxectivos específicos dos centros cívicos sociais:**

1. Fomentar e impulsar as iniciativas da cidadanía de índole socioeducacional, socioculturais, de lecer e de participación na vida pública e política municipal.
2. Ser sede dos órganos que os xestionan así coma do Consello Territorial, das asociacións e colectivos da parroquia ou barrio de referencia.

3. Servir de nexo de unión e coordinación entre os diversos servizos municipais de atención directa promovidos polo Concello de Narón e a cidadanía ou entidades asociativas e colectivos.
4. Fornecer un conxunto de equipamentos, espazos e infraestrutura ás entidades para a realización das súas actividades comunitarias promovidas, ben polas propias entidades ou ben polo Concello.
5. Proporcionar un servizo de información xeral de proximidade, dirixida a poboación sobre as actividades realizadas, ou derivando, no seu caso, ós lugares onde poida obter resposta.
6. Fomentar as accións de cooperación entre cidadás, asociacións e colectivos para xerar cohesión e benestar social.

**Artigo 5. *Ámbito de aplicación.*** O presente Regulamento será de aplicación ós Centros Cívicos Sociais de titularidade municipal, e a aquelas de iniciativa privadas que subscriban, convenios de colaboración có concello.

## **CAPITULO II. FUNCIONAMENTO DOS CENTROS CÍVICOS E COMPOSICIÓN DOS CONSELLOS REITORES**

### **Artigo 6. Regulación**

1. O Concello de Narón, determinará o réxime xurídico referente ó uso, xestión e conservación dos seus bens destinados á prestación de servizos públicos, en virtude do exercicio das potestades de organización, regulamentación e defensa do seu patrimonio ás que alude o artigo 4.1 da Lei Reguladora das Bases do Réxime Local, e correspondentes do Texto Refundido.
2. O concello poderá optar por regular a xestión e uso polos órganos e sistemas descritos no presente regulamento.
3. Non obstante, o concello tamén poderá formalizar cesións ás asociacións mediante convenio específico que regulará o modo de uso e xestión, nos termos sobreditos no artigo 2.

### **Artigo 7. Órganos de xestión.**

Os órganos de xestión dos Centros Cívico Sociais, serán:

1. O Consello Reitor, que funcionará en Plenario e/ou Comisións de traballo.
2. O Presidente

## **Artigo 8. Composición do Consello Reitor.**

- 8.1** O Presidente, que será elixido por maioría absoluta dos membros de dereito do Consello Reitor, será un cargo rotatorio, de maneira que tódalas asociacións representadas poidan exercer a presidencia ó tempo proporcional o resultado de dividir o período de catro anos polo número de asociacións representadas.
- 8.2** Seis membros das xuntas directivas das entidades asociativas, nomeados por elas en proporción ao número de socios de cada unha, e que garantirá a representatividade das asociacións, ubicadas nesa parroquia, barrio, ou centro cívico Social.
- 8.3** Dous membros pertencentes a colectivos ou persoas individuais, de recoñecida solvencia no ámbito parroquial, de barrio, ou no ámbito comunitario, polo seu traballo, exemplaridade, ou profesionalidade, a proposta das asociacións, colectivos ou cidadanía, e que contén có respaldo da maioría do Consello Reitor. a proposta definitiva será ratificada pola concellería de participación cidadá.
- 8.4** O Concello Pleno, elixirá e designará un/ha concelleiro/a como representante municipal en cada Consello reitor, entre os propostos por cada grupo político da Corporación ó comezo da súa lexislatura, ou no Pleno seguinte ao cese do concelleiro designado.
- 8.5** O/a concelleiro/a de participación cidadá será membro de dereito do Consello reitor de cada Centro cívico.

## **9 Renovación e cese dos membros do Consello Reitor**

- 9.1** Os concelleiros designados polo Pleno se renovarán despois de cada elección municipal, ou cando o Pleno da Corporación o determine.
- 9.2** Os membros representantes das entidades asociativas cesarán no Consello reitor cando cesen na representatividade da súa asociación ou cando sexan revogados por ela.
- 9.3** No prazo dun mes contado a partir do cese ou dimisión se procederá a nomear a persoa substituta.
- 9.4** O plenario do Consello reitor renovará cada dous anos a metade dos representantes designados polas asociacións. Esta renovación posibilitará a incorporación de representantes das asociacións que quedasen fora da representatividade inicial no consello.
- 9.5** O Consello Reitor quedará disolto no caso de dimisión da metade máis un dos seus membros, correspondendo ó Concello promover a constitución dun novo, seguindo as normas contidas neste Regulamento. A devandita dimisión deberá presentarse perante a Alcaldía por escrito.

## **10 Comisións de traballo**

O Consello Reitor creará as Comisións ou Grupos de Traballo que estime necesarias para desenvolver os obxectivos deste Regulamento.

## **11 Funcións dos/as vocais do Consello Reitor**

- Asistir e participar nas reunións do consello e nas comisións creadas no seu senso, para a realización das tarefas propias do seu cargo.
- O cumprimento das atribucións e funcións de representación encomendadas polo Consello Reitor ou polo seu presidente.
- A información ó resto dos compoñentes do Consello Reitor das xestións e traballos realizados.

### **Artigo 9. Funcións do Consello Reitor:**

- Planificar as actividades do Centro Cívico Social.
- Velar pola boa prestación dos servizos e o correcto funcionamento do Centro
- Fixar as condicións para a utilización do Centro por parte das entidades interesadas.
- Promover e facilitar a utilización harmonizada do centro por colectivos ou entidades, con preferencia para os da parroquia onde este ubicado o centro (en caso de discrepancias o concello está facultado para intervir excepcionalmente, garantindo o uso por parte destes grupos ou entidades de acordo coa súa representatividade)
- Velar polo correcto funcionamento dos centros cívico sociais e a conservación dos mesmos, de acordo coas directrices emanadas da Delegación de Participación Cidadá, da Alcaldía e do Pleno da Corporación.
- Redactar e aprobar o presuposto anual de funcionamento.
- Redactar e aprobar os programas de actividades conxuntas que se realicen e aprobar o cronograma (cadro de actividades, horarios, días e entidades organizadas) de tódalas actividades previstas no centro.
- Presentar iniciativas, propostas ou suxestións ó concello, para ser discutidas no Consello Xeral de Participación Cidadá e nas Comisións Informativas municipais correspondentes.
- Informar á veciñanza sobre os seus dereitos e deberes en relación coa Administración municipal, facilitándolles o seu exercizo e cumprimento.
- Creación das Comisións de Traballo permanentes e temporais, así como a designación dos seus membros e coordinadores, establecendo a periodicidade das súas reunións.
- Aprobación das normas de funcionamento e réxime interior, que deberán ser harmonizadas o través do Consello de Participación Cidadá e aprobadas definitivamente polo Concello Pleno.

### **Artigo 10. O Presidente, o Vicepresidente e o Secretario.**

Corresponde ao Presidente dirixir ao Consello Reitor e na súa ausencia ao Vicepresidente. O presidente nomeará un secretario de entre os seus membros, para realizar as funcións requiridas neste Regulamento.

### **Artigo 11. Funcións do Presidente**

- Representar ó Consello Reitor sen prexuízo da representación xeral que ostente o Alcalde ou Delegada de Participación Cidadá e outros Delegados de Alcaldía.
- Dirixir as actividades do Centro Cívico Social garantindo o seu correcto funcionamento, sen prexuízo das facultades do Alcalde e Órganos de Goberno do Concello.
- Realizar a convocatoria e orde do día das sesións do Plenario do Consello Reitor, dirixindo as mesmas e dirimindo os empates co seu voto de calidade.
- Velar polo cumprimento dos acordos adoptados, sempre que estes non supoñan menoscabo das decisións de órganos Municipais e da legalidade vixente.
- Velar polas harmoniosas relacións e comunicacións entre entidades asociativas, colectivos, e cidadás da zona de referencia.
- Remitir á Concellaría Delegación de Participación Cidadá, ou órgano competente designado no Concello copia das ordes do día, actas e acordos adoptados, así como calquera outra documentación que lle sexa solicitada.
- Tomar decisións en casos de urxencia, sendo éstas expostas á plenario do Consello Reitor para a súa ratificación no prazo máis breve posible.
- Dirixir a actividade do Consello Reitor.
- Exercer as funcións que lle delegue o Consello Reitor.

### **Artigo 12. Funcións do/a Vicepresidente/a**

- Substituír ó presidente/a na súa ausencia.
- No caso de dimisión, cese, morte, ou ausencia prolongada do Presidente/a, o alcalde nomeará un substituto no prazo dun mes.
- O resto das substitucións as cubrirá o/a Vicepresidente/a.

### **Artigo 13. Funcións do/a secretario/a do Consello.**

- Elaborar, a requirimento do Presidente, ou no seu defecto do Vicepresidente, a convocatoria do Consello Reitor e das comisións creadas no seu seo, así como enviar a orde do día das convocatorias, actas, acordos e calquera outro documento que solicitara por estes cargos.
- Manter a correspondencia e o arquivo do Consello Reitor así como tramitar as certificacións dos acordos adoptados.
- Realizar as tarefas administrativas relativas á tramitación dos acordos emitidos polo Consello.
- Os compoñentes do Consello Reitor e dos Órganos das Comisións de Traballo non estarán retribuídos economicamente.
- Tres faltas de asistencia consecutivas ou cinco alternativas non xustificadas dun membro do Consello serán motivo de cese na representación que ostente. Neste caso, o propoñente do vocal cesado deberá formular nova proposta ó Plenario do Consello Reitor.



## **Artigo 14. Funcionamento: Aspectos xerais**

### **Plenario do Consello reitor**

1. O réxime de xuntanza do Plenario do Consello reitor, será coma mínimo unha vez ao mes, e cantas veces sexa necesario, ou por petición de un terzo do número total de membros. Para considerar validamente reunido o plenario deberán estar presentes coma mínimo a maioría absoluta do número total de membros do Consello reitor.
2. Os compoñentes do Consello Reitor e dos órganos que o conforman non poderán recibir retribucións económicas polo seu cargo.
3. Coa finalidade de garantir a operatividade e responsabilidade das actuacións do consello, aqueles compoñentes que tivesen tres faltas de asistencia consecutivas, ou cinco alternativas, non xustificadas a un Consello Plenario, serán motivo de cese na representación que ostente, que será ratificada polo Pleno do concello no caso dos concelleiros. Nese caso a entidade propoñente do vocal cesado, deberá formular nova proposta no prazo de quince días o Plenario do Consello Reitor.
4. O Consello reitor elaborará as normas de réxime interno para a utilización do centro cívico social que deberán contemplar as cuestións non previstas neste Regulamento.
5. A norma de réxime interior deberá ter un corpo común, para garantir unha economía normativa que facilite e axilice o funcionamento organizativo evitando burocracias. Deberá trasladarse ó Consello xeral de participación cidadá para garantir a coherencia e harmonización para todo o termo municipal. Posteriormente deberá ser ratificada polo Concello Pleno.
6. O Consello Reitor presentará á Corporación Municipal antes do 31 de xaneiro de cada ano unha memoria balance das actividades e orzamento do ano anterior. Así mesmo, presentará o programa de actividades e presuposto previsto para o exercizo do ano seguinte antes do 1º de outubro.
7. As competencias e funcións anteriormente descritas constitúen a base competencial que deberán asumi-los órganos propios das entidades parroquiais no caso de que estén constituídos de conforme a normativa aplicable, e por extensión, tódolos colectivos, persoas individuais e calquera outra actividade.



### CAPITULO III. UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS E CESIÓN DE USO.

#### **Artigo 15. Normas de réxime interno.**

A utilización e uso das instalacións se realizará con carácter xeral con arreglo a este Regulamento, as normas de réxime interno que se aproben, e demais normativa concordante aplicable.

Con carácter xeral establececese o seguinte:

1. Os cesionarios ou as entidades que utilicen os centros cívico sociais serán os únicos responsables dos contratos mercantís ou laborais realizados dentro do centro cívico, debendo axustar a súa actuación a normativa legal, con especial atención ás normas de seguridade e saúde laboral aplicables en cada suposto. Igualmente responderán fronte a terceiros, por calquera consecuencia derivada da actividade realizada no centro.
2. No interior do local cedido e dentro do respecto á autonomía da persoa cesionaria ou usuaria, non se poderán realizar actividades que contraveñan os principios de igualdade das persoas, polo que se prohíbe a realización de calquera acto de carácter violento ou que atente contra a dignidade das persoas, ou discrimine individuos por razón de raza, sexo, relixión, opinión, orientación sexual ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social.
3. Queda prohibida a utilización dos locais cedidos para a realización de calquera actividade que non se contemple na autorización de uso, especialmente aquelas consideradas como molestas, insalubres, nocivas ou perigosas.
4. As entidades ou asociacións que desenvolvan a súas actividades no centro cívico social deberá subscribir unha póliza de responsabilidade civil e/ou de accidentes, adecuados e congruentes co risco da actividade desenvolvida e no ámbito legal vixente. Así mesmo, as actividades que se promovan con nenos/as deberán ter seguros específicos custeados polas propias entidades ou polos responsables dos menores.  
Se pola natureza da actividade desenvolvida fose necesario algún seguro específico, esta debe ser contratada pola entidade organizadora.
5. As entidades ou asociacións titulares de cesións, ou entidades usuarias deberán contratar unha póliza de seguro anual que se manterá vixente durante o tempo que dure a cesión ou a actividade, que cubrirá os bens que deposite nos centros cívicos fronte os riscos de roubos, incendios, etc., e mesmo a responsabilidade civil polos danos e prexuízos que os usuarios poidan causar a terceiros. A cobertura mínima a garantir por cada un dos centros cívico sociais será de 300.000,00 euros por sinistro.

**Artigo 16. Reserva de instalacións para servizos públicos.** O Concello de Narón reservarase a súa potestade para instalar oficinas municipais nos Centros Cívicos Sociais como medio para a prestación de servizos públicos municipais (en detrimento dos espazos cedidos as asociacións -no suposto de convenio co centro-), procurando harmonizar os seus horarios e espazos có normal funcionamento provocado en cada centro.

**Artigo 17. Horario.** Os centros permanecerán abertos de acordo cos horarios establecidos polo Consello Reitor e conforme coa normativa vixente aplicable.

**Artigo 18. Solicitude de uso dos Centros Cívico Sociais.** De forma puntual, os espazos comúns dos Centros Cívicos Sociais poderán ser utilizados por outras asociacións ou colectivos sempre e cando a solicitude de utilización puntual se formalice por escrito ante o Consello Reitor con cinco días de antelación. O Consello reitor resolverá as solicitudes por orde cronolóxico de presentación. No suposto de urxencia poderá solicitarse con dous días de antelación e resolverá o Presidente, se non houberse Plenario convocado.

**Artigo 19. Convenios de cesión.**

- O Concello resérvase o dereito de establecer convenios de cesión coas asociacións legalmente constituídas, dando conta logo ó Plenario.
- O uso dos Centros Cívicos Sociais poderá ser cedido ás entidades asociativas que o soliciten e que figuren no rexistro municipal de asociacións. A cesión do uso terá carácter de precario e por un tempo determinado, e formalizarase mediante un convenio entre o Concello e a Asociación que determinará os aspectos concretos da cesión.
- Na cesión de uso das asociacións atenderase a criterios de representatividade, interese ou utilidade cidadá dos seus fins e recursos propios nos termos previstos no artigo 232.2 do ROF. Non obstante, o concello aprobará por acordo plenario os criterios de uso ou cesión de espazos nos centros cívico sociais municipais.
- A cesión de uso que poida recaer sobre un centro cívico social non impedirá a súa utilización por outra entidade asociativa, previa autorización de utilización mediante convenio de cesión de uso compartida.
- Os convenios de cesión incorporarán as normas, e estipulacións e criterios de organización, funcionamento e uso das instalacións pola propia entidade, así coma por outras asociacións, colectivos ou persoas individuais.
- As asociacións ou entidades que teñan cedido o uso dun Centro Cívico Social, unha vez autorizado polo Concello, poderán aprobar as normas de réxime interno que consideren necesarias para a súa xestión, para aqueles aspectos non recollidos no Convenio sempre e cando non contraríen o contido do presente Regulamento e demais normativa aplicable.
- Os convenios de cesión terán unha duración máxima de catro anos mínimo prorrogables un a un ata dous anos máis. Poderán ser renovados ó finalizar ese período.
- O concello habilitará unha sala para a colocación de taquillas-arquivo de custodia de documentación para cada asociación que a necesite polas actividades que realiza ou polo uso do Centro cívico social.

**Artigo 20. Acceso ás actividades.** O acceso ás actividades organizadas polas asociacións será libre para o público en xeral no caso de que estén dirixidas ó colectivo da veciñanza. Si se trata de actos internos de cada entidade o acceso será exclusivo para os propios socios/as. Porén, será preceptivo indicar esa información da actividade ás persoas destinatarias.

Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, a permanencia e uso das instalacións axustarase o presente Regulamento e normas de réxime interior.

### **Artigo 21. Conservación de instalacións.**

- O Consello Reitor ou a entidade asociativa conveniada da cesión encargárase de conservar en perfectas condicións o edificio e instalacións, (sen que se poida realizar modificación algunha sen o consentimento do Concello), así como os mobles, equipamentos e utensilios que o Concello poña a disposición dos Centros Cívico Sociais.
- O concello actualizará anualmente un inventariado das instalacións coas que conta o Centro Cívico Social. No caso de Convenios de Cesión esta recollerá un inventario de cesión.
- A Asociación ou entidade conveniada da cesión de uso será responsable dos danos ou desperfectos na instalación, consecuencia da utilización do Centro.

## **CAPITULO IV. RÉXIME ECONÓMICO.**

### **Artigo 22. Aspectos xerais do réxime económico**

- Os Centros Cívicos sociais están dotados dun presuposto de funcionamento que financiará con recursos propios das entidades ou asociacións que o xestionan e cos que no seu caso acorde o Concello.
- Sen prexuízo do anterior, o centro poderá obter ingresos que procedan de subvencións, axudas, donativos ou cotas pola utilización das instalacións, ou calquera outros que permita a lei.
- A fixación de cotas pola utilización das instalacións deberá ser sometida á autorización do Concello.
- Ningunha asociación, entidade, colectivo ou persoa poderá instalar máquinas expendedoras, da índole que sexa, sen autorización municipal.
- Os consellos Reitores (ou as entidades con convenio de cesión, no seu caso) xestionarán os seus ingresos procedentes das máquinas expendedoras, utilizándoos na súa totalidade o mantemento do centro cívico social ou á súa mellora, ou para as actividades comúns.
- As asociacións ou entidades organizadas de actividades que teñan prezo, cota ou taxa (agás o Concello), deberán sometela á aprobación do Consello Reitor, con proposta da porcentaxe que se adicará a mantemento do centro, o que xestionará o Consello.
- Os gastos comúns de limpeza, reposición de consumibles, auga, gas, etc, serán sostidos por tódalas entidades con actividade no Centro, proporcionalmente en función da súa actividade no mesmo.
- Os criterios mínimos para fixar a contribución de cada entidade a estes gastos serán: tempo de utilización, superficie utilizada, número de usuarios/as.
- No orzamento anual mínimo que deberá propoñer e aprobar o Consello Reitor contemplará os gastos sobreditsos de utilizarán común do centro Cívico social, e toda asociación ou entidade usuaria do centro aprobará nos seus orzamentos anuais a cota que aportará ó orzamento do Centro Cívico Social, xestionando polo Consello Reitor.

- O consello Reitor xestionará e formalizará unha Póliza de Seguros de Responsabilidade Civil de maneira solidaria por parte das entidades que desenvolven a súa actividade no local, na que figurarán coma titulares as mesmas, que se abonará proporcionalmente coma se ten establecido nos artigos precedentes con amaño ó uso do centro.
- Os gastos de mantemento e uso ordinario do local social correrán a cargo do Consello Reitor e deberan vir contemplados no presuposto anual.
- Os gastos de consumo eléctrico polo uso ordinario do centro, os derivados da degradación natural dos materiais construtivos serán por conta do concello.
- Os gastos extraordinarios de consumo eléctrico, ou os ocasionados por deterioros a consecuencia da inadecuada utilización do Centro Cívico Social serán aboados pola persoa ou entidade responsable da actividade no decurso da cal foran producidos os devanditos deterioros.

## **CAPITULO V. PERSOAS USUARIAS.**

### **Artigo 23. Definición**

Ós efectos do presente Regulamento, considérase persoa usuaria a toda persoa ou colectivo que acceda lícitamente a un centro cívico social para facer un uso lexítimo das súas instalacións e servizos. Neste sentido poderán ser persoas usuarias do centro participantes das actividades que se ofrezan dende o Centro Cívico Social; o propio Concello de Narón como titular, as asociacións, institucións, sen ánimo de lucro, sempre que figuren no Rexistro de Asociacións do Concello, e colectivos ou persoas individuais que soliciten expresamente o uso dos centros ó Consello Reitor:

- Solicitar autorización para a realización das actividades programadas ó consello Reitor (agás o concello que só deberá comunicar ó Consello Reitor a súa programación).

### **Artigo 24. Dereitos das persoas usuarias.** Serán dereitos dos usuarios:

1. Utiliza-las instalacións do Centro Cívico social habilitadas para o seu uso e nos horarios establecidos polo Consello Reitor.
2. Dispoñer das instalacións en perfecto estado e adecuadas para o seu uso.
3. Recibir asesoramento e información veraz e clara do persoal técnico municipal sobre as actividades levadas a cabo no Centro dependentes tanto das entidades asociativas así como as que dependan do concello.
4. Recibir un trato agradable e cordial das persoas responsables do centro, ou que desempeñen a súa labor profesional no Centro.
5. Exercelos seus dereitos de acceso, modificación e cancelación dos datos de carácter persoal almacenados en ficheiros do centro, de acordo coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
6. Formular as queixas, demandas e suxestións que estimen oportunas.

### **Artigo 25. Obrigas das persoas usuarias:**

1. Respetar as demais persoas usuarias do Centro amosando un comportamento cívico e tolerante.
2. Facer un bo uso das instalacións e equipamento do Centro, tratando de evitar danos ou perdas para as demais persoas usuarias.
3. Acatar e cumprir cantas recomendacións ou instrucións sinalen os responsables do centro,
4. Satisfacelas taxas ou prezos que poidan establecerse como aportación das persoas usuarias por participar nas actividades do Centro ou usar as súas instalacións.
5. Cumprimento dos horarios e demais normas de organización e funcionamento establecidas polo Consello Reitor.
6. Informar á persoa responsable do Centro de cantas anomalías se detecten no funcionamento ou servizos prestados polo Centro.

### **Artigo 26. Obrigas do Concello.**

1. Mantelo Centro nas condicións que a normativa estableza e idóneas para a realización das actividades que nel se desenvolvan.
2. Facilitalo acceso da cidadanía o uso dos Centros Cívicos sociais promovendo así a participación cidadá.

## **CAPITULO V. POTESTADES DO CONCELLO E RÉXIME SANCIONADOR**

**Artigo 27. Normativa aplicable.** Estarase ao disposto na normativa legal aplicable. Non obstante na normativa de réxime interior que se elabore, deberá contemplar as sancións das persoas usuarias que non respecten as normas de uso das instalacións e os seus horarios, así coma as sancións as entidades asociativas ou colectivos que non cumpran coas súas obrigas.

O concello reservase a súa potestade e prerrogativas para aplicar a normativa vixente, no suposto de conflito non resolto por este regulamento ou polas normas que se elaboren de réxime interno, na salvagarda dos intereses xerais.

### **Artigo 28. Outras potestades**

1. O concello, facendo uso das prerrogativas legais que lle asisten, asumirá as competencias de ordenación e regulación do uso dos Centros Cívico sociais, cando non existe Consello Reitor, ou cando este se disolvera formalmente ou de feito, para garantir un uso adecuado e harmónico por parte da veciñanza ou das entidades ata que se constituía un novo consello Reitor.
2. O concello arbitrará ou resolverá as situacións de conflito ou de interpretación do regulamento, oficio ou a petición de parte.



3. O consello Reitor propoñerá ó concello o través do consello Territorial, as obras de conservación ou de mellora a realizar anualmente.
4. Se unha parroquia ou barrio, ningunha asociación ou entidade quixera constituír o Consello Reitor nin establecer un convenio de cesión có concello, este poderá constituír un Consello Reitor formado por persoas ou colectivos veciñais propostos polo consello Territorial, ou no seu defecto polo Alcalde, e refrendados polo Pleno do Concello.
5. A revisión e/ou reforma do presente Regulamento se efectuará a proposta dos Consellos Territoriais que o elevarán ó Consello Xeral de participación Cidadá, para unha vez aprobado, ser proposto ó concello Pleno para a súa aprobación definitiva.

### **Artigo 29. Proceso de participación cidadá na elaboración do Regulamento**

A concellería de participación cidadá elevará proposta de Regulamento para a xestión e uso dos centros cívico sociais municipais á Comisión Informativa Municipal de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade que debaterá e aprobará a proposta. A continuación o documento será enviado ó Consello xeral de participación cidadá, ou no seu defecto (senón estivese constituído) a tódalas entidades asociativas incluídas no Rexistro Municipal de Asociacións, que teñan actualizada a súa inscrición, para a súa consulta, estudio e proposta de suxestións, durante un prazo de quince días.

Unha vez sistematizadas as suxestións do movemento asociativo serán ditaminadas definitivamente pola comisión informativa municipal antedita que a súa vez as elevará o concello Pleno para a súa aprobación, e posterior publicación.

Este Regulamento será proposto ó Consello Xeral de Participación Cidadá para a súa consulta e mellora, que unha vez informado será tramitado para o ditame definitivo da Comisión Informativa Municipal de Desenvolvemento da Actividade Social e Igualdade ea posterior aprobación polo Pleno do Concello.

### **Artigo 30. Plan de autoprotección**

O concello de Narón será o responsable de dotar e actualizar o plan de autoprotección e emerxencias de cada centro cívico social. Os servizos municipais de protección civil e Seguridade laboral inspeccionarán e comprobarán a adecuación do devandito plan á normativa vixente na materia.

Non obstante, as entidades ou asociacións usuarias ou cesionarias que realicen actividades ou eventos non previstos no plan de autoprotección e emerxencias deberán proveerse dun plan axustado a actividade que se vaia a desenvolver, e para a que deberán solicitar autorización previa diante do Concello de Narón.



### **Disposición adicional**

- a) Unha vez aprobado definitivamente o presente Regulamento, o concello procederá o nomeamento dos representantes municipais nos Consellos Reitores que procedese, no prazo dun mes.

### **Disposición derogatoria.**

Quedan derogados o anterior Regulamento do Consello Reitor dos Centros Cívico Sociais aprobado pola Comisión de Goberno de data 28/11/1986.

### **Disposición final.**

Unha vez aprobado definitivamente polo Concello Pleno entrará en vigor ó día seguinte da súa publicación no BOE/DOGA.